

# “REVERENDA LAMPADE”: Sobre o noveno centenario da consagración dos bispos Munio e Hugo na igrexa de Lárez.

Xosé Abilleira Sanmartín

*Esta é unha breve evocación, en conmemoración do seu noveno centenario, da consagración na igrexa de Lárez dos bispos Munio de Mondoñedo e Hugo de Porto, coa presenza do bispo Xelmírez. Certamente, foi un evento moi destacado. E non só por convertirse o lugar en centro relixioso e político (termos difícilmente separábeis entón), senón tamén pola dimensión histó-*

*rica dos personaxes participantes. De todo isto dámos conta no capítulo 82 do seu primeiro libro (HC I, 82) o senlleiro e épico “rexistro” da vida e obra do propio Xelmírez, a coñecida como “Historia Compostellana”. Unha referencia sen parangón da prosa historiográfica medieval e peza esencial para a comprensión cabal da historia de Galiza naqueles tempos.*

Os acontecementos teñen como base o ano 1112, cando son elixidos como bispos os anteriormente mencionados, tras quedaren vacantes as respectivas sés: para Mondoñedo Munio (ou Nuño) Afonso, cóengo e tesoureiro da igrexa de Santiago e autor de case toda a primeira parte de *HC*, e para Porto Hugo, tamén capelán e logo cóengo e arqui-diácono da citada igrexa de Santiago e probábel autor de *HC* I,15. Ambos foran persoas do círculo íntimo de Xelmírez, de total lealdade e elevadas por el “ao cumio do pontificado” (*HC* I,81). Lembremos, para exemplificar o tal grao de confianza, o “pio latrocinio” protagonizado polo propio Hugo (o roubo en 1102 das reliquias de San Fructuoso, San Silvestre, Santa Susana e San Cucufate de diversas igrexas portuguesas e o seu traslado a Santiago) ou o papel imprescindíbel que vai xogar en distintas xestións diplomáticas para a posterior elevación de Compostela a sé arcebispa (1120) no papado de Calixto II. As óptimas relacións con Xelmírez perdurarán se temos en conta, tamén, as continuas viaxes que Hugo fai a Compostela. Pois

ben, tocáballe consagralos ao arcebispo de Braga, Mauricio (o que acabaría sendo en 1118 o “antipapa” Gregorio VIII, por se aliar coa causa do emperador Henrique V na “Querela das Investiduras”), e así dispuxo que se realizase tal solemne cerimonia en Tui. A tal fin pediulle a Xelmírez que assistise polo papel decisivo que xogara na educación dos electos, a relación tan intensa que mantiña con eles e o extraordinario afecto –mútuo- existente. A isto hai que engadir –como reacción interesada- o feito do propio Mauricio ter sido nomeado cóengo de Santiago por Xelmírez e ter deste recibido a título “persoal” privilexios e dádivas en “préstamo e usufructo”, como varias posesións e herdades da igrexa de Santiago entre o Limia e o Douro, concesións que motivaron diversas queixas dos cóengos composteláns.

O caso é que Xelmírez decide non ir a Tui, aducindo as inclemencias do tempo ou o contexto turbulento que se vivía daquela. Débese lembrar que nos atopamos no reinado de Afonso VII, coroado na catedral compostelá rei de Galiza

polo propio Xelmírez e por Pedro Froilaz, quen fora o seu titor, o 17 de setembro de 1111, é dicir, a penas había ano e medio. Sen embargo, aínda se mantíña a situación de inestabilidade xerada polos conflitos entre as distintas faccións tras a morte en 1107 do conde de Galiza Reimundo de Borgoña, quen casara con Urraca, a primoxénita do noso rei Afonso VI. Esta, de quen era fillo precisamente Afonso Reimúndez, o actual rei, volvera contraer matrimonio en 1109 co rei Alfonso “el batallador” de Aragón, que encabezaba o bando foráneo hostil á nobreza galega capitaneada polos Traba. Esta persistencia da inseguridade así nos aparece contada en *HC* I,82, capítulo da case segura autoría de Xirardo:

“pero o referido bispo de ningún xeito foi capaz de ir ao lugar determinado, xa porque aquel resultara un inverno máis crúo do normal, xa porque cría que toda Galiza se atopaba turbada polo tumulto da discordia”.

Neste sentido é reveladora a expresión literal “os traidores, os criminais, os perxuros e outros

bandidos do tirano aragonés". De aí que, sentindo medo pola posibilidade de causaren os "rebeldes e traidores de Galiza" (sic) algún tipo de problema a el e á súa comitiva, acordase enviar a terras tudenses un grupo de cóngos seus, "persoas egrexias e venerabeis", xunto cos electos sinalados, para a realización do solemne acto, tras revelaren polo miúdo ("penitus") o motivo da súa ausencia. Sen embargo, Mauricio decide, co pretexto primordial de conseguir que estivese presente Xelmírez, ir á igrexa de Léz, "da diocese de Santiago", avisando ao bispo compostelán para que asista, quen "facendo caso do consello dos seus cóngos" acepta e acode, do cal se alegrou enormemente ("maxime") o arcebispo.


Resulta chamativo, en relación con este episodio, o contraste de situacións relatadas con gran intensidade poética na obra. Unha horrorosa e durísima invernia ("hiems asperior solito"), a situación de discordias pola que pasaba "tota Gallitiam", o medo a transitar, os desacougos vividos, razóns que dá Xelmírez para non achegarse a Tui, son *hándicaps* ben notorios. Unhas dificultades vencidas, pola contra, por un Mauricio que aínda se atopa "crebado e debilitado pola dor dunha longa enfermidade padecida" e que, neste estado, é quen de superar os "escarpados montes e profundos vales" (os "ardua montium" e os "concava vallium" da literatura clásica e relixiosa) do camiño de Braga a Léz. A esta afouteza súmase o afecto declarado e, sobre todo, como factor fundamental que explica o desexado encontro, a imperiosa necesidade de reflexionar e tratar, entre outros aspectos, a situación das igrexas do seu ámbito

("de ecclesiarum utilitate"), especialmente as das dióceses de Ourense e de Tui, que presentaban diferenzas ("dissensio") por parte dos seus bispos.

Pois ben, é o sábado 22 de marzo cando Xelmírez "entrou en Léz", día no que Mauricio celebrou misa e ascendeu ao arquiidiacono don Hugo ao grao de presbítero.

"Ao día seguinte, o domingo de Paixón do Señor", un 23 de marzo de 1113, segundo nos conta o texto da HC, prodúcese a solemne cerimonia. En Léz congéganse os máis sobranceiros personaxes da igrexa galega. Destaca Xelmírez e con el os bispos de Ourense, Tui, e os electos de Mondoñedo e Porto, ademais do arcebispo de Braga, todos eles "cóngos da igrexa do apóstolo Santiago", e "outros venerábeis" máis. O relato aquí explicita unha forte carga emocional a propósito do que se estaba a vivir na igrexa lerezana: "Ah! Con canta e que reverencial luz ("reverenda lampade") dos cóngos de Santiago resplandeceu a igrexa de Léz, que aquel día chegou a ser tan memorábel". Logo dísenos que Mauricio celebrou a misa e consagrou, por fin, a Munio e Hugo como bispos.

Asemade, mentres Xelmírez vai a Guxilde, unha propiedade súa ("rus suum"), cultivada polos seus propios campesiños (HC I,22) e sita xunto a Léz nun ameno val (pensemos nas variantes do tópic literario clásico do "locus amoenus") acompañado polo prelado de Ourense, os restantes próceres que ficaban na Igrexa foron convenientemente atendidos seguindo as disposicións que dera o bispo compostelán. A propia HC alude, de paso, á longa reflexión



Unha páxina ilustrada da "Historia Compostellana", onde se narra a consagración dos bispos en Léz

nese mesmo día de Xelmírez e Mauricio sobre a xa apuntada situación das igrexas .

O luns 24, Xelmírez regresa a Santiago acompañado dos bispos de Ourense, Mondoñedo e Porto.

É manifesto, pois, que esta solemne consagración significa un gran acontecemento, xa dende a mesma HC , para a igrexa de Léz, quen acadou un brillante e memorábel protagonismo ("tantum memoriale" di o propio texto) precisamente nunha época, a "era compostelá" de Xelmírez, esplendorosa no Reino de Galiza. De aí que coñecermos o noso pasado, neste caso o medieval, sen distorsións nin manipulacións, por desgraza aínda activadas dende enfoques "españolistas", é unha tarefa á que nos debemos entregar como persoas conscientes e orgullosas de pertencer a un pobo, o galego, con historia propia. Neste sentido son recomendábeis os traballos cheos de rigor e fundamentados na verdade documental de autores como Anselmo López Carreira, por citar un dos nosos mellores medievalistas.